

ENTREVISTA A UN EMIGRANTE DE CARNOTA EN NOVA YORK



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ViMa_0002_01_en_0_00_01_B_id415_D

AUDIO DE PROCEDENCIA: MPG_ViMa_0002_01_en_0_00_01_B_id415

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

DATOS DA ENTREVISTA

ENTREVISTADOR: Manuel Vilar Álvarez

INFORMANTE:

Nome: Xosé Lariño

Idade no momento da recollida: 60

Lugar de nacemento: O Vilar. Carnota. A Coruña

Ocupación: Empregado de hostelería. Cociña

Lugar de residencia: Queens. New York. USA

Ano de emigración: 1966

SOPORTE DE GRAVACIÓN ORIXINAL: cinta casete ViMa 002

DURACIÓN DO CORTE: 01:06:28

DIXITALIZACIÓN

AUTOR: Francisco Cerdeira **DATA:** 14-06-2011

TRANSCRICIÓN

AUTOR: MANUEL VILAR **DATA:** Maio, 2006

NOTAS E COMENTARIOS

A entrevista foi realizada, xunto con outras, dentro dun traballo de campo sobre a emigración galega á Nova York. Unha primeira aportación foi presentada ao Congreso da organizado polo Consello da Cultura Galega en xullo de 2006

CONTEXTO ETNOGRÁFICO

A emigración galega á cidade de Nova York é algo moi presente en varias zonas de Galicia, como na franxa de costa que vai desde a poboación do Ézaro até Ribeira. Ademais comparamos que é unha emigración histórica, cando menos desde finais do s. XIX e que varias xeracións dunha mesma familia emigraron á Gran Mazá e cidades da súa órbita sucesivamente.

BIBLIOGRAFÍA

VILAR, M. (2010) "Vin porque me trouxeron, non quería vir. De Carnota a Astoria. A emigración de Carnota na cidade de Nova York". Estudos Migratorios, vol. II, nº 2, pp69-90.



Entrevista, realizada o xoves 16 de febreiro de 2006 na *Casa Galicia* de Nova York, a un emigrante de Carnota que chegou aos Estados Unidos a finais da década de 1960. Este home traballa no gremio da hostalaría.

TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

— Por que veu vostede aquí?

A razón pola que vin, pois como a maioría de nós, económica, non fui nin política nin...

— Cantos anos tiña?

Pois tiña 21 ano, acababa de cumprir o servizo militar e meu primo vivía aquí e por esa razón tamén, meu avuelo viviu en Estados Unidos no ano 30. Debido á depresión desa época pasounas putas aquí, pasando fame, comendo mal e vivindo mal, entonces cullíu e largouse pa España e nunca máis saliu de Carnota, nunca máis saliu de Carnota, era de Carnota.

— Daquela xa había entón xente de Carnota aquí?

Boeno, de Carnota, el era da Gandra mesmo. El fíu primeiro a Cuba, alí non lle foron mui ben as cousas tampouco, e cullíu e ven pa Estados Unidos. Estuvo en Nueva Orleans, e de Nueva Orleans pois cheghou a Carnota ca maleta e catro trapos que tiña. O único que me recordo que trouxo un libro de poesía de Manuel Machado e Antonio Machado. Eso é o único que tiña de valor [risas].

— Entón usté xa oira falar na casa de Estados Unidos, digamos

Pois si, o único que sabía dicir era “coman bois”, “hari hop” e cousas así porque o apuraban os catro días que traballou aquí.

— Non sabe en que traballou?

Na construción, si.

— E vostede ven aquí porque tiña un primo?

Eu tiña aquí o meu primo Antón, que vivía aquí, e antes ca el pois tiña un ermano a medias, que era maior que el, como uns 15 anos ou así, pero medio ermano, e vivía en (Perth Amboy) New Jersey. Entonces meu primo veu aquí nun barco e quedouse aquí, e sería no ano 65, colleuno a emigración e mandouno de volta a España, limpiándolle o coche do ermano. Foise a España e colliu outro barco en Bilbao e, vense de volta, veu outra vez. Pero xa non foi pa pé do ermano, do medio ermano por culpa de que a emigración os colla. Vense pro Bronx, estivo aí traballando cun portugués no Bronx, e debido a eso escribíame algunha carta, mandábame unha foto e escribíalle: cando termine co servizo militar vou a ver se me vou pa Estados Unidos tamén. Porque estiven navegando dous anos, na Vicente Suárez Vigo..., entonces o mar non é o que en realidá quero facer toda a vida, pois vou a ver si chegho a Estados Unidos, e me embarquei en Bilbao nun barco alemán, e cheghei estiven seis meses, andávamos, non sei, Alemania, Antuerpe, Roterdan, Bilbao, cargando un barco de carga general e viña aquí a Boston, e pois a terceira vez me quedei aí.

— En Boston?



E en Boston collín o Greyhound, que é un autobús e vinme asta aquí con tres pantalóns e catro chaquetas, todo o que poden meter encima.

__ Pero tiña unha dirección

Tiña o teléfono de meu primo, por certo chego aí á terminal de Grand Central... e non sabía pa donde ir, dixeran: ¿donde vou agora? Chamo a meu primo e dime: 'colle o subway e veste até aquí, ó Bronx, o número 6'. Eu nin sabía que era o subway ni nada, aquí non me movo, non salgo daqui. 'Coño, si eso é fácil, méteste aí no metro e ves para arriba'. 'Mira Antón non me ghodas máis que non vou'. E resulta que naquel momento había un veciño que chaman Pepe da Rateira, non sei si o conoces, de Carnota, que ten unha carpintería en Pedrafigueira, estivo vivindo aquí tamén, pero nese momento estaba alí, na tienda, meu primo tiña unha botánica. E díxolle: 'Pepe vaite asta Alá'. Dixo: '¿donde estás?'. 'Eu non sei donde estou'. Entrei nunha farmacia, na 42, entre a 8ª e a 9ª avenida. Entrei nunha farmacia que había alí, hispana, '¿que calle é esta e que avenida?'. 'Esta é a 42 coa 9ª'. 'A 42 e 9ª'. 'Pois espera aí que Pepe sale agora palá e che colle aí'. E efectivamente, collume aí, e fun a xunto del. Pero eu collín, esa noite estiven con eles e regresei ó barco porque eu non pedira os cartos de depósito nin .. cada vez que chegávamos a puerto pois pedías, como che poden dicir, un anticipo, e nese caso eu non pedira nada porque non era con idea de quedar, nin viña preparado. Pero o próximo viaxe collín e a cousa xa estaba medio camiño feito, efectivamente, me vin e cando chegei aí pois, o mesmo, venme a buscar, meu primo me ven a buscar. Púxonme a vivir con el aí no Bronx, botei un mes sin traballar que as pasei mal, aburrido aí na casa e botando de menos a terra, e me conseguiu un traballo nun restaurante aí na calle 13 que lle chaman o Spain, que todavía hoxe está aí, si, na 6ª avenida ca calle 13, e tuven aí traballando cun veciño dalí de Carnota que Manolo, cuñado de Paquito que ten alí o bar en Pedrafigueira. E estiven traballando alí con el oito meses, ata que a través deste, meu primo me conseguiu un traballo na 58 e 6ª-7ª nun restaurante que iban abrir. Dixo: 'si queres vir de cusiñeiro pala', pois fun de cusiñeiro pa ese restaurante, eran dous de pontevedra que iban abrilo lugar. Eu tiña, pois, feito un curso de cociña, feito en España no servizo militar, fixen un curso de cusiña e os anos que botei no barco estiven na cusiña tamén. Entonces tiña unha pequena idea e metime aí no restaurante este de cusiñeiro pois tiven aí cinco anos, cinco anos aí traballando seis días á semana e dose horas ó día. Doce horas que entrabas ás oito ou nove da mañán e saías ás des da noite ou ás onse, que serraba a cusiña ás onse. Cinco anos aí metido.

__ E o primo Antón, sabe porque veu aqui?

Pois a historia del é a mesma ca miña, económica tamén, porque el navegara no (Uribitarte).

__ É dos primeiros, trouseche a ti?

El non me troucho a min. A razón...

__ Pero si el non estivera aquí ó mellor usté non viña

Eu viña o mesmo porque no barco que eu vin veu un tipo de Pontevedra que tiña aquí un tío, pero veu de polisón. Aquí desembarcou, estaba neste barco, e en vez de quedarse aquí como me quedei eu non se quedou. O tipo foi a Europa de volta, desembarcou en Francia e en Bélxica culliu o barco, pero de polisón, e ven quince días, no mes de marzo fui eso, a 10º baixo cero metido no palo de proa. Eu gardáballe a comida nunha lata de pintura, e o contramaestre, que era gallego, éramos sete gallegos no barco este, e todos eran alemáns non sendo os mariñeiros e máis eu que traballaba na cusiña. E leváballe a comida ao tipo este nunha lata de pintura. Dixeran eu: si morre pois hai que tiralo ó mar, porque



ibamos a buscar nós un problema. Porque o único que o sabía era o contra maestre e máis eu que el entrara no barco para quedarse aquí sin que emigración o reclamara, ¿me entendes? Porque a min, ó eu quedarme aquí, o meu pasaporte automaticamente pasa ó departamento de emigración e, xa che buscan ou non che buscan, pero, hai a quen buscan e hai a quen non. Eu, por suerte, pois non me buscou ou si me buscou non me encontrou. E o meu primo estaba aquí, xa de catro ou cinco anos antes, no 66 creo que cheguei eu aquí, e tamén, traballando na construción cos portugueses, que o raventaban a traballar e el en Carnota o que fasía compraba madeira para José o da (Figueiriña), o Ruco, compraba madeira pa el e tiña un traballo máis ou menos pesado, pero non era tan grave, taba o home preparado un pouco en matemáticas e dixo: co portugués non vou a parte ningunha. Había unha botánica aí no Bronx, en Southern Boulevard con Westchester, era dun vesiño que chaman Manolo de Soledá, e púxo a venda e, como se conocían, canto queres pola botánica?`. `7 mil dólares`.

__ Unha botánica que é?

Unha botánica é unha tienda donde se venden artigos de espiritismo, relacionados co espiritismo e ca bruxería e, ó mesmo tempo, vende perfumes, velas e de todo. El chegou a ter mil produtos na tienda, diferentes. Cando a comprou non había máis ca xabón, catro pastillas de xabón que tiña alí o Manolo, porque o Manolo dedicábase máis ó cachondeo que a traballar a farmacia. Entón o meu primo comproulle a farmacia, doulle dous mil pesos de entrada, o resto a pagar en cinco anos e, empesou con eso, deixou a construción. Empesou con eso pois a base dos clientes, empesou a aprender o que necesitaba, chegabas ti pedías unha cousa, pois non a tiña e iba apuntando, así fui ampliando, enchendo as estanterías porque non tiña nada, pois chegou a ter mil produtos, chegou a traer santos de España de mil dólares e de mil quinientos dólares cada un, de madeira comprimida. Nunha ocasión trougo unha virxe do Carmen e púxo a fóra, e tiña unha copa na man e deixouna quedar alí por un par de horas e a copa enchíuselle de monedas, porque a xente é mui religiosa, mui fanática, cre mui neso e a botarlle monedas. E estivo aí o home cun negocio algo increíble porque chegou a ter máis de mil produtos, vender cincuenta caixas de velas á semana de diferentes cores e inciensos e botellas de inciensos ten vinte mil nomes: amansa guapo, vinte conmigo, cousas de bruxería que se usan. Mui tiñas que velo para creelo, vendía tódolos santos menos o san Antonio... ..san Antonio nunca o vendía, nono tiña non. E unha das persoas que máis lle axudou nese foi unha catalana, que me contaba que eu non a chegei a conocer, que casara cun negro militar alí en Barcelona, cun americano e trouxo a paquí, pero despois o home divorciouse dela e ela non tiña ningunha profesión que era unha prostituta alí, entón metiuse a esperitista, a lerlle as cartas á xente. E esa axudoulle mui porque cando cunusiu a el cada vez que alguén iba un a consulta mandáballe unha folla, de cousas, aínda que non necesitaba nada, ela disíalle: vaite a pé de Lariño e que che dea esto. E entón non sabía ler porque eso era como un farmacéutico, un doctor, esta xente polo regular ou escribe mal ou non sabe escribir, e así a base de tempo e sacrificio fui aprendendo. E esta muller axudoulle mui mandándolle os clientes e en ves de necesitar unha cousa poi mandáballe des. Porque, como pode ser vender terra santa de Jerusalén, que a collían aí, enchían os sacos, pequeniños así e poñían terra santa de Jerusalén, e a terra collíana aí no río. Herbas, pois montóns, espigas, ferraduras, polvo de calquera índole que tivera un pouquiño de brillante, inciensos a montóns, colonias o mesmo con diferentes nomes que, ás veces, non a tiña e o home collía un pouco de colonia con agua e poñíalle el o nome, tiña unha máquina de escribir alí atrás na oficina e el lle poñía o nome e vendía así. Mui xente lle pedía si facía consultas, nunca quixo facer consultas e valía para eso.

__ E non poñía as cartas?



No, pero o home valía, porque nunha ocasión chegoulle unha negra, disque estaba desesperada xa que non sabía que facer que o marido non se deitaba con ela. E meu primo quedou mirando pa ela e a muller apestaba, ´claro, esta non se baña`. Colle e doulle un par de pastillas de (magno) e díxolle: ´mira, métete na ducha e asta que as termines non me salas da ducha`. E efectivamente, a muller culliu fui pa casa e bañouse e o marido chegou de traballar e houbo festa asta o día seguinte. Despois veu pola tienda ó día seguinte ou dous días máis tarde e a darlle bicos a meu primo e a adoralo e díxolle: ´ti eres un dios, eres un dios porque o que fixestes ti non o fixo nadie, esto é un milagro`. Cousas así desas. Outra vez eu teño ido con el a levar un santo de máis de mil dólares que lle vendera a un bruxo destes. Era un boricua indio, co pelo asta a cintura e tiña a casa toda chea de páxaros e corvos e cousas así, todo relacionado co mundo da brujería. Aquelo parecía un zoológico, pero a xente facía cola esperando para a consulta. E comproulle o santo a Lariño e que facía o tipo, facía rifas e asta que lle quitaba des ou quince mil dólares, el non daba a rifa.....e despois disía: ´tal día vamos a rifar o santo`, pero cando xa el tiña xa vinte veces os cartos do santo no bolsillo. E así, xa che digo.....[El viña parece que viña con outro.....que chegaron dous] Eso si que non cho podó dicir.....se cadra si, pero eso si non cho podó dicir. Eso si el aí no Bronx vivía con Josechu, un de Lira que todavía tá aí, si. Josechu vivía con el e eu vivín alí con el un mes.....Josechu pois ten 75 anos ten.

__ Vive no Bronx?

Non, non, vive aquí, en Queens.

__ Despois o seu primo casou ou non casou aquí

Si che digo a verdá el nunca se casou....

__ Quero saber se casan aquí

Polo regular si, o que me pasou a mín e a maioría, o que non ven casado dalá e muitos ven casados e casaron aquí outra vez, por papeles, algúns por papeles e, outros, por olvidarse da muller e tamén se xuntaron e nunca volveron. Pasou en Cuba e sigue pasando hoxe. Nesa época pasou bastante. Que pasa (o primo) tuvo unha relación cunha muchacha gallega e ten un fillo que ten agora 35 anos desa relación.....e despois xa de mayor, de mayor che podó dicir ós 55 anos ou ós 60 foise a vivir cunha muchacha que lle levaba como 25 anos de diferenza asta que era a que vivía con el cando murriu. [Murriu aquí? Está enterrado aquí?] Non, levárono pa España, ten un fillo con esta muchacha, ten un fillo que vive con súa nai agora, pero levárono pa España. A nai estuvo vivindo aquí tamén, morreu como ós 94 anos.

__ A nai do seu primo?

Si, murriu aquí e levárona pa España tamén.

__ E ela veu porque o fillo a chamou, claro.

Si, porque tiña outra hermana, o Lariño, o meu primo ten outra hermana que vivía en Xamaica que está aquí en Astoria, vive agora en Astoria co marido, e... a nai trougou Antón, seguramente, pero ven a vivir con Lola, que é a hermana. [Pero a nai fui a última en chegar] fui a última en chegar.

__Primeiro ven el, despois a irmá e por último a nai.

Si, veu a nai e fui vivir coa filla mayor e estuvo vivindo con ela asta que despois fuise a Bayonne e viviu con outra filla que ten en Bayonne, si. E tuvo un hermano cun restaurante aquí, o que se chamaba Recesvinto, que murriu en Carnota pero viviu aquí toda a súa vida,



toda a vida, levaba aquí vinte e pico de anos e chegou a Carnota o lunes e murriu o martes e doulle un ataque ó corazón e tiña 46 anos, mui xoven.

__ Era normal entón que viñera toda a famili? No seu caso usté solo

Toda a familia. No meu caso non, aquí estivo miña irmán, vivindo aquí, a nai de María, trogho a María, a Teodoro, o hermano de María que non sei si conoces [Non, díxome que vivía fóra] Vive en New Jersey e traballa en Pensilvania, ¿creo? Traballa para a (Faiser??), para a compañía farmacéutica ou creo que está relacionado, el é ingeniero químico e traballa nese ramo. E entonces ven María, Teodoro e mais a hermana Manola, que é máis nova, que vive aquí en Astoria. [que marcha mañán?] Si, vaise mañán a España.

Miña irmán estivo aquí desde o 85-86, si 86, asta o ano pasado que se foron xa, meu cuñado retirado, despois de estar aquí uns 18 traballando na pintura, se fui co retiro da Unión, ós 55 anos colliu o retiro, esto non lle iba, nunca lle fui, nunca lle fui, o seu era o mar e ir de caza. Cheghou a Carnota, comprou un barco e aí se dedica en Lira a ir a pescar e a pasalo tempo, porque en realidá non vai por necesidá, vai por pasalo tempo namais, por deporte. Ten o seu retiro da Unión aquí, e ten un retiro de España me parece de traballar nos barcos e, despois, cando cheghe a edá cobra o que está seguro, que son mil e pico de dólares que vai cobrar cando cheghe ós 62. Estuveron aquí vinte e pico anos, ou vinte anos estiveron, vinte anos vivindo aquí. Quedaron os fillos atrás e os netos.

__ E nos primeiros anos que estivo aquí, a parte de seu primo, había outra xente de Carnota?

Buf, pois cantidá de xente que ven de Carnota, nesa época ven muita xente de Carnota. Ponlle, eu que sei, ponlle uns máis de vinte personas, de Carnota o que é a parroquia, a parroquia, non o ayuntamiento. Porque en Lira, xa che digo, conozco a xente pola vista e de San Mamé o mesmo. Ahora teño un cliente, que lle chaman O Perico, que é de San Mamé, eu no no conocía máis que de oidas, pero nin de vista o conocía, porque a edá é diferente porque eu vin aquí con 21 ano, marchei a navegar ós 17, así que.

__ Chegou aquí e cantos anos estivo sin volver a Carnota?

Eu volvín rápido, eu ós tres anos estaba en Carnota de volta, porque aquí chegabas e ós dous días tiñas o social seguro, solicitabas o social seguro sin ningunha información, máis que darlle o nome de teu pai, túa nai e mailo teu e cho daban dun día po outro. [Máis fácil que agora] No, no, máis fácil ca agora non, era fácil, agora non cho dan, agora tes que estar des anos pa que che den o social seguro, tes que ter muitas cousas e aquí pa un emigrante é mui difícil conseguir esas cousas. Eu caseime, entonces, ó ano de estar aquí caseime e, pois debido a eso, collín, conseguín a residencia, e ós..[a súa muller era] cidadana americana, puertorriqueña. Entonces ós dous anos e medio xa estaba en España buscando a residencia e logo cada dous anos iba a España. Eu sempre estiven en contacto con España porque cada dous anos iba de vacacións, estando traballando no restaurante, dispois no 77 metinme no negocio cun socio de A Coruña, que chaman Enrique, e aí estamos por case trinta anos.

__E sigue indo a Carnota?

Ahora vou tódolos anos.

__ No verán?

No verano, porque fun unha vez no inverno cando murriu meu pai no ano 75 e non me quedaron ganas de volver (risa), porque non había calefacción nin nos bares, nin na casa e



aquele era unha nevera, unha nevera. Entonces eu fixen alí unha chavola e o primeiro que fixen foi porlle calefacción.

__ E agora que familia ten en Carnota.

Non teño máis que miña irmán que vive en Santiago, unha, a maior e, a outra, que se foi agora, que vive en Carnota. E non teño máis familia que esa.

__ E iba a Puerto Ric a Puerto Rico?

Fun dúas ou tres veces.

__ Na casa facía o caldo ou comía comida de Puerto Rico.....

Comida puertorriqueña, si, claro. A miña muller, por exemplo, cociñaba o caldo gallego, ós domingos, que sempre facía o caldo gallego e non o facía eu que o facía ela, aprendiu a facelo.

__ Aprendiu a facelo estando con usted?

Si, estando conmigo porque antes non sabía o que era, pero aprendiu a facelo e, por certo, cociña moi ben, peixe, caldeirada, aprendiu a facer todo o quee fui a España pois como unhas sete ou oito veces, comigo, e de salir a comer ós restaurantes e ver, como se cociñaba alí na casa mesmo, pois aprendiu así.....de todo, a empanada...

__ Pero tamén comía produtos de Puerto Rico.

De Puerto Rico que che poden dicir, arroz con gandules, que son uns guisantes máis pequeniños cos guisantes que lle chaman eles gandules, eso, frijoles negros, porco, lechón, por exemplo, e guisado, un estofado de carne, peixe frito, polo frito e cousas desas, unha patata rellena. Había unha cousa, tamales, que son pasteles que facían con garbanzos e carne de cerdo moi cocida e despois o moían e facían unha pasta e con follas de millo o botaban na holla a ferver. Eso era unha das cousas que non me gustaba moito, pero tampouco o facía a menudo, non me entendes.....

__ Ó casar pronto a vida fílle máis fácil de levar non?

Un ó principio bota moito de menos o que deixa alí. Hai xente que ten todavía o reló coa hora de España despois de lovar aquí des anos, ¿me entendes?, porque está ca mente máis alí que aquí. No caso meu pois pasei catro ou cinco anos secadra temén añorando todo, añorando todo, aínda que non foi tan bueno pero o botas de menos. Non me entendes, porque aquí estás solo e non é unha vida moi bonita que digamos, cásaste e logo a maior parte do tempo eu de casado, e de solteiro tamén, pásala vida no traballo, porque estas seis días doce horas metido no traballo, á casa chegavas pa dormir namais. E o domingo si ibas ó cine ou a comer por aí a algún sitio. A vida era bastante mala.

__ E ven moito por aquí?

Eh, por aquí pola Casa Galicia non veño moito, pero cando hai así partidos ós domingos, veño, pola semana non veño. O que veño é ó domingo namais, porque os sábados traballo e veño ós domingos polo que é ver un partido, comer un pulpo aquí e por ver ós veciños que si non che van ver a ti alí veño eu aquí a velos a eles.

__ Salúdaos de vez en cando?

Claro, a parte deso teño como clientes de Carnota que veñen moito por alí, uns que traballan en Manhattan, outros que traballan na construción, outros que traballan en oficinas que pasan por alí a visitarme ou ben a comer. Este fin de semana tuven quince



personas, que eran de Carnota, que viñan do teatro e chaman e quero unha mesa pa tal hora, houbo aínda vén alí.

__ Neste momento non está vindo xente de Carnota aquí?

Pois nos últimos anos non. Houbo uns anos, aquí por exemplo nos 80 ou no 85, que viña algunha xente, pero nos últimos anos está vindo moi pouca xente ou nadie. E se ven xa ven con outras ideas e con outra preparación.

__ Pero hai xente de Esteiro que está vindo temporalmente.

Se ven é para quedarse, se cadra ven con idea de quedarse un ano ou dous, pero logho cambias. Tas aquí, pasas un ano e, despois, xa non vas de volta, porque é difícil ir de volta, a non ser que deixaras a, meus sobriños por exemplo, estiveron aquí dous deles, pois porque deixaron a novia atrás, porque o traballo da construción non lle iba, eles nunca traballaran na construción e aquí, pois, e traballaron en restaurantes e non lles gustaba, na construción, pois tampouco. Pois entón fíronse de volta. Non vexo eu moita xente que fora de volta, que se cadra os rapaces novos o fan, non che digo que non.

__ Xente que alá non ten traballo, ten aquí un parente ou veciño e vén por un tempo.

Non che digo que non houbera xente que faga ese tipo de vida, claro que a habrá, pero eu non conozco, unha que non traballo no ramo da construción, nunca traballei. Aquí nós nos dividimos en dous ramos: o ramo da hostelería e o ramo da construción. Despois haberá catro que traballen nunha oficina, que os hai, pero a maioría da xente, un 80%...

__ Pero os que traballan nas oficinas son fillos.

Si, a maioría fillos de emigrantes e, algúns, por exemplo que xa cun bachiller, foron á escola aquí e hai un 2% aquí. Manuel Lorenzo, non sei si oístes falar del, foi presidente da (Eastern Airlines).

__ É de Carnota?

No, é orensano, non era de Carnota. Emilio González López, eu coñecino aquí...e a través do restaurante, xa che digo, conoces cantidá de xente de toda parte do mundo. Pero que se refire ós gallegos a mitá na construción e a outra mitá na hostelería e un 2 ou 3% pois en diferentes tipos de traballo, de calquera tipo de traballo.

__ Pero vostede sempre na hostelería.

Eu sempre estiven aí metido e sigo, e sigo aí asta que dios queira. Creo que me vou morrer aí no restaurant. Si.

__ Pero pensa jubílar e regresar a Carnota?

Non, vou de vacacións, pero para quedarme alí xa non, ¿non me entendes? Me encanta o verano, pero despois non é a miña vida, me encanta Nueva York. Vivir aquí me ..., aínda que se cadra non disfruto das cousas que ten, pero xa as pasei e sei que as teño aí.

__ Usté antes de chegar aquí xa anduvera por aí embarcado, pero que foi o que máis lle sorprende da vida en NY, facilidade para atopar traballo....

O que máis me sorprende se cadra o sistema do metro, que eu nunca usara na miña vida, montara no tren pero o sistema de metro de aquí me sorprendiu, os puentes, os túneles, eso me sorprendiu porque nunca había visto túneles desa magnítú a non ser no tren se cadra en España, tampouco.....e logho o trazado de Manhattan por exemplo, da parte nova, non da parte vella, desde a 14 asta a cen da forma que está trazado, pois me encantou, o

práctico que é, o sistema de está todo como paralelo, e logho a rapidés con que se move todo, a honradés tamén, as cousas prácticas que che poñen ó teu alcance. Calquera cousa que necesitabas tíñala muito máis rápido que en España, fora un papel oficial ou calquera outra cousa. E o servizo de correos ou así, como che dixen antes o social seguro que en dous días cho daban, hoxe aínda que te mates non cho dan, a non ser que veñas xa con papeles de España. Porque eu vexo o problema que está pasando á xente que o quer e a diferenza é abismal daqueles anos a estes. Logo duns anos aquí, por exemplo que ven emigrantes de España, de diferentes partes, xente preparada cun nivel académico que ven buscando outro tipo de traballo que se cadra, métese na hostelería ou na construción pero por quince días, un mes ou dous asta que lle sale o que están buscando. Xa non é o emigrante gallego que ven do rural a unha cidadá coma esta que non lle queda outra alternativa máis que a construción ou ...

././cambio de cinta./.

___...eu non domino o inglés....

Eu non o domino tampouco e estou nun negocio de hostelería e teño tres apartamentos aí e dúas casas.

___ E ten casa en Carnota?

En Carnota que a fixen no 86 e está alí para cando eu volva.

___ Pero é unha casa que fixo vostede nova ou..

Non, fixen eu nova, non fui herdada, fíxena eu nova.

___ A casa dos seus pais?

A dos meus pais é donde vive miña irmán agora e ten ela outra casa alí, cerca do Noso Lar (nome dun bar), a que está pola parte de abaixo.

___ Recórdase en especial algún día de Carnota, o día da festa, fai algo na casa

No, nos primeiros anos si, agora xa non, agora si che digo a verdá nin me pasa pola mente se é festa de san Juan ou san Pedro, nada. Sei que no verano vou alí e disfruto das festas tanto en Santiago como nos pueblos por alí, non como antes porque o corpo non dá pa tanto.

___ Pero si lle poño agora un papel e que me ten que cubrir de donde é..]

Gallego asta morrer, antes gallego que español.

___ Non é americano

No, non me fixen cidadano americano. Non, ti non sabes que os españoles temos aquí un beneficio debido a Franco amais non sei que fui o presidente Roosevelt, uns convenios que fixeron polas bases, pois a cambio deso eu podo ter licencia de licores sin ser cidadano americano, que nadie o pode ter, a non ser os españoles e non sei si os ingleses pola relación que ten Inglaterra con Estados Unidos e, acabouse, solamente estes dous países debido a eso. Eu teño a licencia de licor pero non son cidadano americano. Si me fíxera sería por unha necesidá, non porque me sinta eu americano, aínda que adoro o que é esto.

___ Pero non ten problemas...

Si, son residente neste país e telos mesmos beneficios que un americano, pero non podes votar e certas outras cousas que non son igual, a parte de votar os beneficios á hora de retiro tampouco son os mesmos, que che descuentan máis, non podes cobrar que si cobras



fóra do país che fan un descuento, a un americano creo que llo fan menos. Certas cousas. Ah, outra cousa pola que non me quero facer ciudadano americano é por ir de jurado, odio o ter que ir a representar ou facer de jurado sin conocer o ambiente aínda que cho conten. Xa me chamaron máis de mil veces, pero sempre lle contesto o mesmo, que non, ó non ser ciudadano americano non che poden obligar a ir, pero da outra forma tes quir aínda que non queiras.

Por esa razón e outras, non me sinto eu con necesidá, si eu o necesitara, por exemplo pa traer aquí a miña irmán ou traer a miña nai paquí

__ Pero súa irmán estivo ilegal aquí?

Ela veu meu cuñado antes, veu meu cuñado antes e despois a trougho a ela.

__ Pero María di que viñeron eles e despois os rapaces?

Claro, viñeron eles e despois viñeron os rapaces. Eu como residente non os podía reclamar, non os podía reclamar. Eles se arreglar aquí a forza de non sei si foi cun contrato de traballo que meu cuñado se arreglou e despois arreglou á muller, e así estiveron.

__ Pero os rapaces viñeron un pouco invitados por vos.

Viñeron como turistas como que iban a Walt Disney, porque non podían ser reclamados polo pai porque todavía eles non tiñan os papeles....

__ Vostede ven no sesenta e pico, pero do 70 pa diante, que foi cando máis ven...] Si, do 70 pa diante veu muita xente. Aquí na calle 14 [Manhattan] había 7 bares, españoles, nun bloque, entre a 7ª e a 8ª, e todos vivían dos gallegos, todos vivían dos gallegos. Estaba a unión dos marinos alí ó lado...

__ E faciades a festa de Santiago

Aí si, faciase a festa de Santiago tódolos anos, faciána no parqueo, que agora é un edificio, aí se facía a festa de Santiago tódolos anos, agora fana aquí.

__ Que era?

Pois unha sardiñada e gaitas e música folclórica da Casa de Galicia ou do Círculo Español, que estaba alí na calle 14, e agora fana aquí.... vaite á Nacional, porque é a institución máis vella que hai en Nueva York, está do 1890 e fundada polos gallegos e españoles que viñeron da guerra civil

__ De Cuba?

Sería da guerra de Cuba, claro. Os primeiros emigrantes que chegaron aquí fundaron eso aí e todavía está aí a sociedade esa, é a máis vella que hai aquí nesta ciudá e hoxe ten un pequeno restaurante, igual que Casa Galicia, máis ou menos, máis pequeno, pero... seguirono mantendo e co asunto do fútbol sigue.

__ E está?

Entre a 7ª e a 8ª....tódolos gallegos se concentraban o fin de semana, os cheques da construción e dos restaurantes quedaban aí todos por culpa de que querías andar de parranda, eras xoves e en vez de ir á discoteca ibas tomar tragos ós bares, eran bares e restaurantes. O Oviedo, Bilbaína, Finisterre, Coruña, Café Marei e o Valencia, todos eses estaban no mesmo bloque e todos vivían desa xente. [

__ Que non existen

Non existe ningún máis que a Nacional, quedou a Nacional que foi o único que quedou, porque unha institución. E dos lugares vellos que hai aquí pois queda o Faro, que xa debe levar uns 50 anos aí, 45.

— Donde está o Faro?

O Faro está no Viliche (Village), pero no West Side, non che podo dicir a calle porque nona sei. O Faro e

— É de galegos?

Si, de donde son os do Faro, orensanos, creo que son orensanos. Ese é un dos lugares máis vellos, despois está Sevilla, o (Explender) onde eu traballei, o Sevilla tamén é de orensanos, está Jimi que ten o Tío Pepe, que é de León. Despois no ano 66 ou no, creo que foi no 66, aquí foi a feria mundial, aquí en Flushing Park e desde esa abriu un pouco o que é a comida española en Nueva York e empezaron a abrir restaurantes. A raíz deso abriron como uns des restaurantes que saliron daí desa feira mundial debido ó éxito da feira, ou da comida española na feira. E se abriu o Pamplona, Torremolinos, e que o Salamanca.

— E vostede que ten no menú, comida galega, española, americana?

Bueno, a comida pois é un menú se cadra adaptado ao ambiente americano un pouco, pero temos marisco de langosta, rodaballo, salmón, camaróns, cordero

— Percebes non hai?

Percebes algunhas veces, de California, cando o peixeiro chos quere traer, agora si llos pides chos trae tamén, pero son malos, que están aguados, vacíos e máis non ten o sabor e non se usan, polo regular non se usan, casi nadie os usa. E por ter tes ternera, de carne a que quiras e de marisco tamén, non é igual que en Galicia pero hai cousas buenas, si as queres comprar hai que pagalas, pero hai calidá tamén, a máis todo tipo de peixe, porque o peixe por exemplo non o collen aquí, ven de Canadá ou ven doutros mares.

— Aquí ó lado hai unha pescadería que ten mui bon peixe.

Non cho digo polas pescaderías, no, dígocho peixe que collen no Atlántico e mesmo de España ven a pescar aquí, mesmo o calamar, cantidá de calamar vai daquí das costas de Canadá.

— Alá xa non hai.

Alá xa non hai, nono hai, que teñen que ir pescalo a África, xa iban antes, pero agora van máis. E aquí dígoche a verdá hai calidá si a queres pagar, o que pasa é que as cousas buenas son caras, como en todas partes. Non lle envidia nada a calidá ó peixe dalí, aínda que muita xente di que si, e che comen o lumbrigante daquí e non che saben si é daquí ou é dalá, me entendes, que ven cantidá de lumbrigante. Hai un gallego aí en Newark que ten un tanque pa cincuenta mil libras de lumbrigante e todo exporta pa España, todo pa la.

— E é pescado aquí.

O lumbrigante é de aquí de Maine ou de Canadá, o mellor é Maine e Canadá, non sei de que costa de Canadá, e daquí destas costas tamén, pero non é tan bueno, está máis aguado, máis floxo. Despois de peixe xa che digo, depende o que compres, hai certo marisco que hai en Galicia que aquí non encontras e si o encontras non ten a calidá daquel debido ó mar tamén. E hai outras cousas que son iguais ou mellores.

— Ameixa?



Ameixas hainas mui buenas, pero se cadra non valen para cocer, valen para comer crudas. Eu teño unha ameixa que ven de Rhode Island que é buenísima pa comer cruda, o sabor que ten, é máis blandiña, agora no momento que a ferves se non a comes ponse dura...

__ Pero para salsa

Esas pequeniñas hainas pero non son como as nosas, non ten a calidá.....esa grande, que chaman charleston, a usan muito os italianos pero pícana para botarlle ás salsas con pasta.....mui buena pero mellor para comela crua que cociñada, si a comes cociñada ten que ser collela mui rápido, senón ponse dura. Despois unha cousa que boto muito de menos é o mexillón de España que, aquí, ven agora de Chile, de Canadá tamén, pero o millor é de chile, o que pasa está caro, comparado aínda co daquí, co de Canadá, co daquí mesmo que o traen de Rhode Island e Boston por aí, non é bueno.

__ Moi pequeno.

O quitan mui pequeno e a parte de que o quitan pequeno, ás veces está vacío, que non ten nada dentro, depende da época do ano....

__ E non é tan amarillo.

Non, debido á alimentación, non é outra cousa, son as aguas, non ten o color amarillo dalí.....

__ Que se considera: ¿un emigrante?

No, eu son un forasteiro aquí e en España tamén. Si, porque aquí ti non eres americano, non te relacionas co mundo americano en si polo regular, haberá algún español que o faga, pero a maioría vive a súa vida dentro da súa comunidade gallega ou española, uns máis e outros menos, que se reúnen aquí ou en calquera sitio, pero non te adaptas ao sistema americano polo regular, fas certas cousas que fan eles, pero en si nunca...

__ Pero cando chega a Carnota que lle chaman: o americano?

Pois xa sabes como nos tratan a nós alí: a patadas. Vas a España e pensan que eres de outro país.

__ Porque vas cargado de dólares?

No, no, ou porque levas catro dólares trátanche mal. A min, polo regular, me trataron ben sempre en España, o único feito que nos bares se aproveitan que si eres turista ou emigrante che cobran demais. Eso non llo perdono a España nunca, porque é unha falta de respecto e de madre. Pero a miseria humana, que hai en todas partes do mundo, en España todavía queda algunha dela. E, aquí, polo regular pasará tamén, pero a min nese aspecto non...

__ Que ten un fillo e unha filla?

Eu teño un fillo que ten 30 anos, que é maestro, non ejerce, agora traballa aquí pa cidadá de NY e a filla ten 23 anos, está vivindo comigo, nunca quixo terminar a escola.....ten unha nena.....e aí estamos.

__ E eles considéranse americanos?

Eles se consideran americanos, aínda que o meu fillo fui a Carnota unhas catro ou cinco veces comigo, nunca lle gustou alí, é un tipo tímido, non é botado pa diante, entonces nunca lle fui Carnota. Á filla lle encanta, o que pasa é que xa non fui tantas veces, debido a edá pois fui asta os 12 anos, a última vez que fui e agora leveina o ano pasado comigo e



estuvo dúas semanas solamente, e agora quere ir este ano outra vez. A ela lle gusta amais o disfruta, porque é outro carácter máis aberta e fai amistá máis rapidamente.....

__A filla dun tío da miña sogra.....

Americana, claro. No, aquí os fillos que nace aquí se integra á sociedade americana mui fácil, comparte contigo pero desde que é adulto todo é americano. No caso que tas falando de túa prima, o medio ermano de Lariño, as fillas, nunca foron a España, nadas aquí, el nunca fú a España. Fú ós 15 anos pa Cuba, si, e de Cuba ven pa aquí e nunca fú a España e eu téño invitado a España xa con 90 anos e non quixo. Pero el, xa che digo, sempre falou gallego, español, as fillas malamente, porque hai muito gallego e muito español que cometen o error de non ensinarlle ós fillos a lenga, non polo hecho de que eres español ou eres gallego, senón polos beneficios que lle trae ós fillos o que sepan idiomas. Eu comparto a idea de que aprendan, si lle poden ensinar tres, enséñalle, e non dous. Os meus fálano mal, pero fálano, non quixeron progresar nese aspecto xa non é a culpa miña, pero se defenden.

__ Pero cando van alá falan.

Claro, e aquí o mesmo, se teñen que falar en español falan en español.

__Ca filla que fala?

Eu falo sempre español con ela e co fillo tamén, eles se van a España falan español, agora aquí o inglés é máis práctico pa expresarse que o español, pero polo regular si van a España falan o español e aquí si están entre españoles tamén. E eso a min me causa unha satisfacción terrible que o fixeran, porque algún pai, muitos pais, que non, que non se preocuparon por eso e o considero un pecado e, en certo modo é un pecado que non se preocuparan un pouquiño por ensinarlle o idioma e, tamén algunhas costumbres dalí. Nós, se cadra muita xente que ten o complejo de ser gallego, eu me sinto máis orgulloso que nunca de selo, pero ten o complejo de ser español e non gallego, cada loco con su tema.

__Eu o que vexo é pouca presenza, os gregos.....

Si, pero é debido ó volumen, nós non somos volumen, nos coma quen di non pintamos nada, nin política, nin socialmente, porque non hai volumen. Esta é a casa que máis socios ten, ten mil, mil ou mil douscentos, somos tamén en certo modo moi independentistas, á hora da verdá cooperamos, á hora de calquera causa se coopera, pero somos bastante independentistas.....ti falas de Grecia e hai centos de miles, falas de Italia e hai millóns, pode ser a potencia que ten, pero nós non a podemos ter debido ó volumen.

__ Pero a potencia lógrase facéndose visibles....

En realidá tampouco nos sabemos vender, o pueblo gallego nunca se soupo vender, nos temos os mesmos produtos ou mellores que outras rexións de España e sin embargo nadie os conoce, ¿non me entendes? Tonche falando de trinta anos atrás ¿quen conocía a Carnota ou a Galicia? Seguro que en parte ningunha, aínda hoxe non se conoce. ¿Por que? Porque hai que gastalos billetes e hai que promocionar. Eu consumo millóns de dólares en produtos españoles e ningunha compañía de España me mandou un peso para axudarme, nin o goberno, nin as compañías nin de viño nin de nada. Solamente a Xunta de Andalucía me dou des caixas de aceite, hai como uns uito ou des anos, por porlle no menú unha semana catro platos co nome andaluz. Pero....

__ Ten albariño na carta, teno porque usté quer ou porque hai algunha promoción

No, téño porque eu quero, debido tamén a que a promoción a faría as compañías, non che digo que fixeran a promoción para que o cliente o pida, ou o mesmo turista americano



que vai a Galicia ou vai España e o proba e o pide. Telo por esa razón, pola demanda do cliente ou porque ti llo queres ofrecer ó cliente debido ó precio calidá.

__ Pensa que o albariño tiña que ser máis promocionado aquí

Pois e calquera cousa se ques vender ten que ser promocionada, aínda que o albariño nos últimos 25 anos aquí era Martín Códax o único que había, hoxe hai 45 marcas xa no mercado, e se vende porque ten calidá, hai outros albariños que non a ten, pero hai calidá, entonces daslle e a xente gústalle. Entonces o que o toma unha vez vólveo a pedir, eso é o bo de calquera produto que bueno se vende solo, xa non necesita publicidá, pero o produto que queiras meter no mercado hai que darlle publicidá.....antes aquí España non vendía un produto, vendíamolo nos ou se vendía porque eran catro cousas as que había: Paternina e Riscal.....de viños non había aquí outra cousa nos restaurantes, estouche falando 30 anos atrás.....o único que había aquí eran aceitunas.....queixo manchego non había.....catro cousas que había aquí na calle 14 a casa Moneo, que era unha casa que vendía productos españoles pero en conserva, latas de conserva, abanicos e muñecas, e xabón La Maja e a Toxa, eso era o que tiña. Agora vas a Marcus, que está aquí en Northern Boulevard, non sei si o conoces, o asturiano, e ten se cadra 200 ou 300 produtos españoles que importa...fai chorizos aquí, traen xamóns.....hoxe calquer cousa poden traer, quitando a pata negra que todavía non a deixan traer...

__ O Josecho de Lira

O Josechu a min me leva dez ou doce anos, pero teño un cuñado de Lariño, Alvela, ten 82 dous anos, é de San Mamé, vive en Astoria, vive aí na 26, entre a 20 e a 21 avenida. Miña sobriña Manola vive na súa casa. Tamén estivo navegando e veu paquí que o trougo Antón, o cuñado, e estivo traballando nun hospital, traballou aquí non hospital en Manhattan uns vinte apico de anos e despois retirouse.

__ E vos facedes diferenza aquí entre xente de Carnota, Lira e Caldebarcos. Non son todos de Carnota. Usté cando di son de Carnota, quer dicir do Vilar

Por exemplo un de Lira me di que é de Carnota a min non mo di, non me entendes, dime que é de Lira. Agora cando fala cunha persona que non conoce aquilo pois diralle que é de Carnota, ou que é da Coruña ou de España, depende con quen esté falando, non?. Pero, entre nós, non existe esa discriminación que se cadra houbo nun tempo entre Lira e Carnota e todavía se cadra hai polo fútbol.

__ Coñece algún de Caldebarcos?

Nesta casa hai un de Caldebarcos, que é arquitecto, que lle chaman Teodoro, pois ven por aquí de ves en cando... onde hai moitos é en Bayonne. Ti vas ó pueblo de Bayonne e alí Lira e Caldebarcos. Aquí está Sada, aquí hai bastante xente de Sada. Outra cousa que non sei si sabes ti, dos gallegos que hai aquí en NY, dos da primeira época antes ca min, porque eu non me considero dos primeiros que cheguei aquí, porque hai outra xeración máis vella ca min que vén en catidades tamén, son moitos de Sada, masóns, a maioría desta xente son masóns. Eu non o son, porque tampouco me preocupe por ser ni me fixo falta, sei que a maioría deles son masóns, están metidos na telefónica ou na compañía de ComEdison traballan unha gran cantidá de gallegos de Sada, debido a que pertencen á logia e entre eles axúdanse. Entonces, ti si tas traballando na telefónica entonces tratas de meter a calquera que se che pertenezca ou traballas en calquera destas compañías do goberno tratas de meter a xente aí.

__ Vos entre os de Carnota tamén tratabas de axudar?



Claro, fui todo unha cadena. Pois chegas tí, a min axudoume meu primo. Eu cando xa estaba aquí situado pois chegou un chaval que está, que é veciño meu, que está en NJ, pois estúveno na casa tamén catro ou cinco días, pois o primo deste

__ Fariña?

Tamén, meus sobriños. A quen poda eille de facer o mesmo que me fixeron a min, e se pode máis, pois máis. Eso sempre o fixen e penso que entre nós a maioría da xente o fai. Levas moitos desengaños, pero é un riesgo que me correría mañán outra vez, non me importaría correlo porque seino que se pasa. Entonces nese aspecto son bastante flexible para botar unha man, aínda que recibes ás veces...

__ Pero ten chegado alguén dalá que non coñecía pero que era o fillo de ...xente que trae a súa dirección

Si, claro, e de telos na casa catro ou cinco días ou o tempo que sea, ou darlle cartos para que se defenda unha semana ou darlle de comer. Me ten pasado, non moitas veces pero me ten pasado, e algún deles, 'coño, é que non me fas café'. 'Facerche cafe eu que teño que teño que ir pa traballar agora macho'. Meter catro tipos na casa e pola mañán exigíndome que lle faga café. Que cojones que tes. Eu teño que irme pa traballar, un levántase xa co tempo contado..... eso me ten pasado, levas

__ Alá levantábase e sabía que a nai, avuela...facíalle o café

Si, eso é o que botas de menos cando ti eres emigrante e non tes nin mamá nin papá, nin ermanos nin anda. Eu por suerte, ou por desgracia, estiven no servizo militar e aprende un moito, porque tes que ser independente. Nos barcos o mesmo, aprendes a poñer un botón, a coser, a planchar e a lavar si queres estar higiénico, senón che comen as cucarchas.

__ Foi ó barco antes do servizo militar.

Si, dous anos, e despois fun o servizo militar e estiven nun dragaminas dous anos e fixen un curso de cociña en Cádiz, de seis meses, e non quería facelo pero, ó final, me valeu para facer o que fago hoxe, dalgunha forma me valeu, ¿non entendes? Ademais tiña o beneficio que me daban mil pesetas ó mes cando un mariñeiro non ganaba máis que trinta. A min dábanme mil ptas e facía festa, era un sueldo. Dixen, vou marchar ós Estados Unidos e cando teña un millón de pesetas veño de volta. Resulta que eu metínme no negocio e despois de sete anos de estar aquí, seis anos e medio, necesitaba catorce mil dólares, eu tiña sete namais. En sete anos xuntei sete mil dólares, despois en seis meses xuntei sete mil dólares, pola necesidá que tiña de meterme no negocio.

__ Pero a vida é distinta

A idea era esa, xuntar un millón de pesetas, que eran 7 mil dólares, pero o que ganaba entre transporte, comer e a renta, pois non che sobraba nada. Houbo algunha xente que sise cadra nun ano, ou era mui económica tamén, a min sempre me gustou salir e non aforraba, pero houbo xente que se cadra nun ano aforraron os 7 mil dólares, aínda que non se ganaba ben coma hoxe...pero poucos collían e se iban. Eu viña con esa mente e despois cando tiña o millón de pesetas xa non me valía de nada porque iba a España e o millón de pesetas gastábo eu nun mes que botaba alí, ¿non me entendes? Non nos primeiros anos, pero despois do 75 pa diante xa as cousas cambiaron moito.